

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
30 DE XANEIRO DE 2014.-**


<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D^a MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.</p> <p><u>Non asiste con excusa:</u> D^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO.</p> <p><u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e dez minutos do día trinta de xaneiro de dous mil catorce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	--

Punto núm. 1.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 2 DE FERROL DE 09-01-2014 "PROCEDEMENTO CONFLICTO COLECTIVO NÚM. 828/2013".-

Polo Sr. Secretario dase lectura o FALLO da Sentenza do Xulgado do Social núm. 2 de Ferrol de 09-01-2014 "Procedemento Conflicto Colectivo núm. 828/2013" que seguidamente se transcribe:

"FALLO:

ESTIMAR PARCIALMENTE la demanda interpuesta por la Confederación Intersindical Gallega (CIG), la Unión General de trabajadores (UGT) y por Comisiones Obreras (CCOO) contra el Ayuntamiento de Ares, **DECLARANDO** el derecho de los trabajadores afectados por el presente procedimiento de conflicto colectivo a percibir la parte proporcional de la paga extraordinaria correspondiente al mes de diciembre del año 2012 por el período comprendido entre los días 1 y 14 de julio de 2012, **CONDENANDO** a la referida entidad a su abono."



O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 2.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 16-09-2013 "PROCEDIMIENTO ABREVIADO, RECURSO AQUAGEST S.A." LIQUIDACIÓN 381.414,34 Euros.-

Polo Sr. Secretario dase lectura da firmeza da Sentenza Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol de 16-09-2013 "Procedemento abreviado, Recurso Aquagest S.A." Liquidación 381.414,34 Euros, na se dicta o seguinte **FALLO**:


Que estimando parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la procuradora D^a María Vázquez Méndez, en nombre y representación de AQUAGEST S.A., contra el acurdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Ares de fecha 7 de Abril de 2011, debo declarar y declaro la disconformidad a Derecho del acto administrativo recurrido, anulando el mismo, por no ser conforme a Derecho, y reconociendo, como situación jurídica individualizada, el derecho de la recurrente a que se proceda a la revisión tarifaria en los modos contractualmente asumidos y al restablecimiento económico financiero de la concesión, en los términos señalado en el fundamento jurídico quinto de la presente resolución, y a la compensación de la recurrente en la cuantía que se determine tras la emisión de los informes correspondientes por parte de la Administración demandada, manteniendo el resto de pronunciamientos del acurdo impugnado referidos al abono al Ayuntamiento de Ares de las cantidades allí reclamadas. Sin hacer especial pronunciamiento a las costas procesales.

O Pleno do Concello dase por enterado.

Punto núm. 3.- RESOLUCIÓN RECURSO REPOSICIÓN VIAQUA CONTRA ACORDO PLENARIO DE 28-11-2013.-

Dase conta do Recurso de Reposición presentado por D. Enrique Font Martínez en representación de VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU, que seguidamente se transcribe:

"AL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE ARES



D. ENRIQUE FONT MARTÍNEZ, mayor de edad, en nombre y representación de **VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU**, comparezco y, con el debido respeto, DIGO:

Que por medio del presente escrito vengo a interponer **RECURSO DE REPOSICIÓN**, de conformidad con los Art. 116 y 117 de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, contra la notificación del Concello de Ares recibida en fecha 3 de diciembre de 2013 numero 2121 y de la cual se adjunta copia como documento nº 1 para una mejor identificación.


Que la formulación del presente Recurso de Reposición, se fundamenta en los siguientes:

ANTECEDENTES DEL ACTO RECURRIDO

Primero.- Que el día 03 de diciembre de 2013 se recibe mediante notificación de este Concello, la resolución del pleno del Concello en sesión ordinaria del 28/11/2013, en la que se nos da traslado del acuerdo tomado en relación al punto 5º "*Xestión directa do servizo de auga potable e rede de sumidoiros: Acordos que procedan*"

Segundo.- Que en dicha notificación se traslada en el punto Primero: Comunicar a Aquagest como fecha efectiva de extinción de la relación contractual el 31/12/2013, con expresa advertencia de que deberá de dejar a favor del servicio sin perjuicio del derecho de reversión que asiste a la administración, cuantos medios, datos y equipos sean necesarios para la normal y ordinaria continuación de la prestación del servicio por parte de la administración, debiendo comparecer un representante de Aquagest con fecha 16 de diciembre de 2013, para el levantamiento de la correspondiente acta de conformidad previa evaluación de la operatividad del servicio con los técnicos municipales, debiendo presta la empresa concesionaria Aquagest hasta la fecha en que deje de prestar los servicios plena colaboración con la administración y sus técnicos.

Tercero.- Que en dicha notificación se traslada en el punto Segundo: En virtud de la base quinta del pliego rector y del estudio económico y de la tarifa media presentado por la empresa concesionaria (Sobre C "iniciativas") en los gastos de explotación determinados para



el cálculo del coste unitario de explotación, requerir a la empresa concesionaria para que ponga a disposición de la administración las inversiones señaladas en el apartado 2.3.1.5. "Amortización de inversiones" necesarias para el buen funcionamiento del servicio".

Cuarto.- Que en el punto Tercero se traslada acordar la gestión del servicio público de abastecimiento de agua potable y saneamiento de aguas residuales bajo la modalidad de **gestión directa sin órgano especial de administración**, prevista en el artículo 67 del reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales aprobado por Decreto de 17 de junio de 1955 y 85.2 de la ley 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, como Servicio del Concello de Ares dependiente del Área de Obras y Servicios.

MOTIVOS DE IMPUGNACIÓN


1. Sobre la admisibilidad del recurso.- Según se desprende de los antecedentes tácticos relatados, el recurso de reposición se interpone dentro del plazo de un mes establecido con carácter general en el art.117 de la Ley 30/92. Asimismo concurren los requisitos de capacidad y legitimación de los arts. 30 y 31. Por lo demás, el escrito de recurso cumple las formalidades exigidas en los arts. 109 y 110 de dicha Ley, y se interpone ante el mismo organismo administrativo que dictó el acto recurrido.

2. Sobre el fondo del asunto.- De conformidad con lo establecido en los arts. 107 y 116 de la Ley 30/92, contra los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa puede interponerse recurso de reposición ante el mismo órgano que los dictó, fundamentado en cualquiera de las causas de nulidad o anulabilidad previstas en los arts.62 y 63 de dicha Ley.

A este respecto en los apartados siguientes se examinan cada una de las infracciones al ordenamiento jurídico cometidas en la resolución aquí recurrida:

De la infracción del art. 63.1 de la Ley 30/92: Vulneración de la normativa sobre contratación administrativa

Primero.- Por regla general, las correspondientes cláusulas del pliego de condiciones constituyen Ley de Contrato, y por tanto verdadero definidor de los derechos y



obligaciones de las partes, hasta tal punto que el contrato que es un documento muy breve y simple se remite al Pliego. Por tanto, está claro que el contrato una vez perfeccionado, mediante la adjudicación, constituye la primera ley para las partes y resulta de inexcusable cumplimiento (Sentencia del T.S. de 20/3/72).

Segundo.- Los contratos administrativos de gestión de servicios públicos, son contratos de adhesión, donde la Administración, unilateralmente define los derechos y obligaciones de las partes, sin que las empresas que concursan al mismo puedan de ordinario hacer otra cosa que aceptar o adherirse a ello, con las limitaciones que el propio Pliego prevea, una vez adjudicado. A esta conclusión llega la jurisprudencia del T.S. en materia de contratos administrativos (sentencias de 3/2/2003; 27/7/1995 entre otras): *"la Administración es quien redacta las cláusulas correspondientes... Ello impone en el caso enjuiciado, como argumenta la sentencia de contraste, una interpretación que no se verifique en perjuicio de la empresa contratista y en beneficio de la administración"*

Tercero.- Falta de obligación legal y contractual de la concesionaria


Conforme al Pliego de Condiciones, base segunda.- Bens de Dominio Público Afectos ó Servicio, sua Explotación, mantemimento e Devolución polo concesionario.

A) *"O Concesionario será titular dun dereito de uso de todos os bens de titularidade pública que o Concello de Ares ten afectos ó Servicio Público de Abastecemento de Auga potable e saneamento e que , a título enunciativo, figuran relacionados no ANEXO PRIMEIRO deste Prego de Condicións."*

"Non obstante, unha vez adxudicadod o concurso, o Concello e o Concesionario suscribirán un inventario detallado de tódalas edificacións, obras instalacions e demais medios que se ponen a disposición deste último".

"Cualquier otra obra e instalación que pasara a formar parte do abastecemento durante o periodo de vixencia do contrato, incorporarase o citado inventario."

"O concesionario utilizará ditos bens de dominio público aportados polo Concello e relacionados en cada momento no citado inventario, exclusivamente para o Servicio"



Municipal de auga potable e saneamento salvo que o Concello, por razón de interese público, establécese outra cousa."


"Extinguida a Concesión, calquera que fora a súa causa, devolveráanse o Concello en Condicións normáis de uso, a totalidade dos bens afectos neste momento ó Servicio, e que deberán estar reflexados no inventario actualizado."

"Un ano antes de que expire o prazo do Contrato o Concello designará un Interventor Técnico na Empresa Concesionaria, quen viviará o estado das edificacións , obras, instalacións e demais medios materiais e informará ó Concello sobre as reparacións e reposicións necesarias, no seu caso, para que tales bens sexan devoltos en condicións de uso adecuado"

B)"Os bens aportados polo concesionario seguirán sendo de titularidade. Non obstante, o Concello poderá adquirir o valor contable neto - deducidas amortizacións- os bens mobles do Concesionario que considere necesarios ou útiles para continuar neste momento a xestión e explotación do Servicio, salvo aqueles que pola súa propia natureza perxudiquen os intereses comerciais lexítimos do Concesionario"

Analizando lo recogido como obligaciones de esta concesionaria recogidas en la base segunda y una vez observado lo antedicho queremos hacer constar lo siguiente:

- Esta empresa concesionaria no dispone del inventario suscrito entre el Concello y el Concesionario que ha de reflejar los medios que se han puesto a disposición de la empresa y nuevamente al final de la concesión han de ponerse a disposición del Concello por lo que además de las infraestructuras de Dominio Público Hidráulico, obras, red de abastecimiento y saneamiento y edificaciones, es difícil de identificar qué otro material debe de figurar dentro del citado inventario que debe de someterse a una actualización en continuo durante la vigencia del contrato.
- Esta empresa concesionaria ha presentado en el Concello el inventario de instalaciones de propiedad municipal aportados por el Concello, que debe de ser devuelto al Concello en condiciones normales de uso al final de la concesión. Dicho inventario, es actualizado a fecha diciembre de 2013 tras el requerimiento documental realizado por el Concello en el que figuran, además de todas las mejoras realizadas en la red de abastecimiento y saneamiento, entre otros:




CUADRO RESUMEN DE EQUIPOS EN ARES	
1. ABASTECIMIENTO DE AGUA POTABLE	
Grupo de presión Marina Pombal	3 Bombas MULTI30 10, 4,9 KW
Grupo de presión Barracido	2 Bombas PRINZE MVL20 5, 5,5 KW
Válvula reductora de Os Castros	1 válvula reductora Bayard KI 20 0250
2. SANEAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES	
Bombeo de Redes	1 Bomba ABS AFP 1043.1 M70/2 de 8,36 KW
Bombeo de Ares	1 Bomba ABS AFP 1042 M90/4 de 10,80 KW
Bombeo de O Raso	1 Bomba FLIGT 3153.181 de 9 KW
Bombeo de Maiobre	2 Bombas PEDROLLO PMC 30/50 de 2,2 KW
Bombeo de Combarro	2 Bombas PEDROLLO PMC 30/50 de 2,2 KW
Bombeo de Pedros	2 Bombas KSB AMAREX F-80-210 de 3,15 KW

El inventario refleja la totalidad de los bienes afectos en este momento al Servicio y que no están reflejados en el inventario actualizado porque dicho inventario no se ha efectuado a lo largo de la vida de la concesión.

Cualquier deficiencia existente en el servicio o en inventario debería de haber sido detectada con un año de antelación a la expiración del contrato ya que el Concello debería de haber designado un interventor técnico en la empresa concesionaria tal y como se expone en la base segunda que informará al Concello de reparaciones y reposiciones necesarias para que los bienes sean devueltos en condiciones de uso adecuado. Esta designación por parte del Concello no se ha realizado

- Las inversiones realizadas por esta concesionaria al inicio de la concesión para el buen funcionamiento del servicio en cuanto a material y maquinaria se refiere han sido:


- o 1 Turismo
- o 1 Furgoneta
- o 1 Hormigonera



- o 1 Grupo electrógeno
- o 2TPL.
 - o 1 Compresor con martillo neumático
- o 1 bomba de Desagüe y cortatubos
- o 1 Maquina de desobstrucción del alcantarillado
- o 1 Compactadora tipo rana
- o 1 Equipo informático
- o 1 Detector de fugas
- o 1 Cortadora de asfalto
- o Equipos de medida para saneamiento y depuración
- o 1 Equipo de radiotransmisión
- o Camión succionador a t/p
- o Equipo de auscultación de tuberías por CCTV a t/p
- o Equipo de correlación acústica a t/p

El periodo medio de amortización estimado para este equipamiento ha sido de 10 años.

- Teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, se informa que la amortización de estos equipos ha finalizado en el año 2008, y no sólo ha finalizado la amortización contable de los equipos sino que todos ellos han llegado al final de su vida útil.
- Tras producirse el final de la vida útil de los equipos, ésta concesionaria podía optar por varias opciones para disponer de los medios necesarios para el buen funcionamiento del servicio:
 - o Alquiler de equipamiento
 - o Compra de equipamiento



- o Renting de equipamiento
 - o Compartir equipamiento con otros servicios cercanos
- Debido a la cercanía en la finalización del contrato de servicio de Ares, ésta concesionaria ha optado por utilizar régimen de Renting y alquiler en la gran mayoría del equipamiento y opción de compartir equipamiento con otros servicios cercanos en otros equipos pero no ha optado en ningún momento a la compra de nuevos equipos.
- Es por ello que en cumplimiento de la base segunda del Pliego de Condiciones, no podemos poner a su disposición el equipamiento material reflejado para que adquieran su valor contable neto - deducida la amortización- para continuar con la prestación del servicio pues este equipamiento ha llegado al final de su vida útil y la empresa concesionaria no ha adquirido nuevos equipos, adoptando otras modalidades válidas para reemplazarlos y prestar el servicio objeto del contrato.

Por lo expuesto,

SOLICITO QUE: Admita el presente escrito y tenga por interpuesto RECURSO DE REPOSICIÓN contra la notificación de fecha 21 de diciembre de 2013, a los efectos oportunos


En Ares a 20 de diciembre de 2013

Firmado

Enrique Font Martinez.

Director de Concesiones.

PRIMER OTROSÍ DIGO: Que conforme a los arts.35, letra g) y 42.4, ambos de la citada Ley 30/92, en todo caso esa Corporación, informe a mi representada del plazo máximo normativamente establecido para la resolución de este procedimiento, así como de los efectos que pueda producir el silencio administrativo, en comunicación dirigida a mi representada



dentro de los 10 días siguientes a la recepción de este escrito en el registro del órgano competente para su tramitación, indicando, en este último caso, la fecha en que la solicitud ha sido recibida por el órgano competente.

Igual lugar y fecha"

Seguidamente dase conta do Informe de Secretaria de data 27 de xaneiro de 2014, que seguidamente se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto : Recurso de reposición interposto por VIAQUA contra acordó Plenario do 28-11-2013..

ANTECEDENTES


Primeiro.- Con data 28 de novembro do 2013, o pleno do Concello adoptou o seguinte acordó:

"Primeiro.- Comunicar a Aquagest como data de efectiva extinción da relación contractual, o 31-12-2013, con expresa advertencia de que deberá deixar a favor do servizo sen prexuízo do dereito de reversión que asiste a esta administración, cantos medios, datos e equipos sexan necesarios para a normal e ordinaria continuación da prestación do servizo por parte da administración, debendo comparecer un representante de Aquagest con data 16 de decembro do 2013 para o levantamento da correspondente acta de conformidade, previa avaliación da operatividade do servizo eos técnicos municipais, debendo prestar a empresa concesionaria Aquagest hata a data en que deixe de prestar os servizos plena colaboración coa administración e os seus técnicos.

Segundo.- En virtude da base quinta do prego rector e do estudo económico e da tarifa media presentado pola empresa concesionaria (sobre C "iniciativas") nos gastos de explotación determinados para o cálculo do coste unitario de explotación, requirir á empresa concesionaria para que pona a disposición da administración as inversións sinaladas no apartado 2.3.1.5. "Amortización de inversiones" necesarias para o bon funcionamento do servizo.

Terceiro.- Acordar a xestión do servizo público de abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais baixo a modalidade de **xestión directa sen órgano especial de administración**, prevista no artigo 67 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locáis, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, e 85.2 da lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como Servizo do Concello de Ares dependente da Área de Obras e Servizos, eos seguintes efectos :

- Sobre a posible subrogación da prantilla de persoal, unha vez se emita informe xurídico sobre dito aspecto, volva a Pleno para acordar o que proceda.
- Declarar a reversión do conxunto de medios materiais e instalacións afectos á concesión.



- Facultar á alcaldía para a execución dos acordos que se adopten.
- Notificar o presente acordó a tódolos interesados, en especial a AQUAGEST-Promoción Técnica y financiera de Abastecimiento de Agua, S.A." e á representación dos traballadores no centro de traballo de Ares."

Segundo.- O acordó foi notificado a Viaqua, sendo recibido o 03-12-13 (Rex. Saída 2121/13).

Terceiro.- Con data 6 de novembro do 1997, subscríbese o contrato administrativo entre o Concello de Ares e Aquagest-Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Agua, S.A., formando parte do mesmo o prego de condicións técnicas económico-administrativas aprobado na sesión Plenaria do 6 de xuño do 1997 e publicado no BOP núm. 147, do 28-06-1997 e DOG núm. 136, do 16-06-1997. Tamén forma parte do mesmo a documentación presentada por Aquagest á licitación, en especial a contida no sobre C : "Iniciativas".

Cuarto.- Con data 22-10-13, comunicábase ao Concello a sucesión empresarial de Aquagest a Viaqua, da que toma razón o Pleno do Concello na sesión do día 28-11-13, sendo notificado o 3-12-13 (Rex. Saída: 2120/13):

Punto 3º.- Escrito de Aquagest. Sucesión empresarial.

"Visto o escrito presentado por Dn. Enrique Font Martínez en nome e representación de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. de data 22-10-13, co número de rexistro de entrada 3921/2013 do 28-10-13

Visto o informe da Secretaría do 18-11-13 do seguinte teor literal:

"INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Sucesión empresarial Aquagest/Aquadom/Viaqua.

ANTECEDENTES Primeiro.- A entidade "Aquagest-Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Agua, S.A.", por acordó Plenario de data 16 de setembro de 1997 foi adxudataria da concesión administrativa da xestión da auga potable e rede de sumidoiros.


Segundo.- Con data 6 de novembro do 1997 é asinado o contrato administrativo por un prazo de 16 anos a contar dende o 1 de xaneiro de 1998, poidendo ser obxecto de prórroga por periodos de 8 anos ata o máximo legal establecido.

Terceiro.- Ten constituída segundo carta de pago de 17 de outubro de 1997, nº. de referencia 5.711 unha fianza definitiva polo importe de 1.500.000, ptas., presentando certificado de Zurich Internacional na que figura como beneficiaria da póliza de seguro de responsabilidade civil nº. 941200116-7 eos seguintes límites :

DRC explotación, por sinistro 250.000.000.- ptas.

DRC patronal, por sinistro e ano de seguro 250.000.000.- ptas.

Patronal, límite por vítima 25.000.000.-ptas.



GRC Products, por sinistro e ano de seguro.....250.000.000.- ptas.


GRC profesional, por sinistro e ano de seguro..... 250.000.000.- ptas.

Asemade presentou certificado de UAP FRANCE-INCENDIE ACCIDENTS, autenticado polo notario de A Coruña, con residencia en Santiago Dn. Ildefonso Sánchez Mera, na que figura PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMTOS DE AGUA, S.A., "AQUAGEST", con enderezo en Principe deVergara, 110-6° Izda., 28002-Madrid, como beneficiaria da póliza de seguro n°. 3 7503 6 719 639 D, por importe de FF 100.000.00,00

Cuarto.- A medio de escrito do 22-10-13 rexistrado baixo o núm. 3921/2013 Dn. Enrique Font Martínez en representación de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. comunica procedeuse á escisión total de AQUAGEST a cinco sociedades de nova creación, respecto das que AQUADOM ostenta a condición de accionista único, distribuidos en ámbito territorial nos que opera o grupo dominado pola Sociedad General de Aguas de Barcelona, S.A., correspondendo a transmisión ao ámbito xeográfico de Galicia a rama da actividade consistente no negocio relacionado co ciclo integral da auga a **VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.**

Quinto.- O artigo 85 "Supostos de sucesión do contratista" do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo cal se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece : En los casos de fusión de empresas en los que participe la sociedad contratista, continuará el contrato vigente con la entidad absorbente o con la resultante de la fusión, que quedará subrogada en todos los derechos y obligaciones dimanantes del mismo. Igualmente, en los supuestos de escisión, aportación o transmisión de empresas o ramas de actividad de las mismas, continuará el contrato con la entidad a la que se atribuya el contrato, que quedará subrogada en los derechos y obligaciones dimanantes del mismo, siempre que tenga la solvencia exigida al acordarse la adjudicación o que las diversas sociedades beneficiarias de las mencionadas operaciones y, en caso de subsistir, la sociedad de la que provengan el patrimonio, empresas o ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquélla de la ejecución del contrato. Si no pudiese producirse la subrogación por no reunir la entidad a la que se atribuya el contrato las condiciones de solvencia necesarias se resolverá el contrato, considerándose a todos los efectos como un supuesto de resolución por culpa del adjudicatario.

Sexto.- Na súa virtude, aínda que estime que VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, non reúne a solvencia esixida, o resto das sociedades beneficiarias da escisión, comprométanse a responder solidariamente, xunto con VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U., maniendo as condicións de solvencia necesarias para o contrato, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas, responsabilizándose da execución do contrato, debendo reaxustar as garantías descritas no anterior apartado terceiro (fianza e R.C.) consecuencia da escisión total de AQUAGEST, coa súa conseguinte extinción, e transmitindo o seu patrimonio a AQUADOM, titular íntegra das accións da filial AQUAGEST EXTREMADURA, S.A. e cinco sociedades de nova creación, respecto das que é accionista único, entre elas **VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.**



Tal é o meu informe, nembargantes o Pleno do Concello acordará co seu superior criterio o que estime convinte."

O Pleno do Concello dase por enterado.

Quinto.- Dito acordó é notificado a AquagestWiaqua o 3-12-13 (Rex. Saída 2120/13).

FUNDAMENTOS LEGÁIS

Primeiro.- O recurso foi interposto en tempo e forma de conformidade eos artigos 116e117da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segundo.- Efectivamente non hai discusión sobre a máxima de que os prego son a Lei entre as partes, criterio amplamente consolidado pola xurisprudencia, sirva de exemplo citar a Sentenza do TS de 9 de xullo de 1998.

Terceiro.- Confunde a recorrente o inventario previsto no prego de cláusulas e referido a tódalas edificacións, obras, instalacións e demais medios que se ponen a disposición deste último, coas inversións propostas polo recorrente na fase de licitación "Documento g,h. ESTUDO ECONÓMICO E DA TARIFA MEDIA". Apartado 2.3.1.5 "Amortización de inversións", no que se describen ou recoden as inversións necesarias para o bo funcionamento do servizo.


Cuarto.- As inversións -neste caso propostas polo licitador- están asociadas ao mellor funcionamento do servizo, habendo o Concello en virtude da habilitación do prego de cláusulas optado por adquirir o valor contable neto -deducidas amortizacións- os bens mobles do concesionario que considere necesarios ou útiles para continuar nese momento a xestión e explotación do servizo, salvo aqueles que pola súa propia natureza perxudiquen os intereses comerciais lexítimos do concesionario.

É dicir, o licitador-concesionario asociaba ao bo funcionamento do servizo no Estudo Económico e da tarifa media unha serie de inversións amortizables en dez anos, cuantificado no seu momento ditas inversións 14.230.000 ptas.

Quinto.- Alega a recorrente que presentou ao Concello o inventario de instalacións de propiedade municipal con data 3-12-13 así como con data 10-12-13 documentación

complementaria a dito inventario actualizado das instalacións afectas ao servizo de saneamento e abastecemento de augas. Ditos documentos son informados e desvirtuados polos Servizos Técnicos Municipais con data 08-12-13, manifestándose polos mesmos a súa disconformidade coa documentación presentada e reafimándose no informe redactado con data 06-07-13.

En todo caso, o suposto invocado pola recorrente : finalización da amortización ou final da vida útil, e dispoñendo de varias opcións, a recorrente optou polo "réxime de renting y alquiler en la gran mayoría del equipamiento y opción de compartir equipamiento con otros servicios cercanos en otros equipos pero no ha optado en ningún momento a la compra de nuevos equipos".



Esa opción unilateral sen poñela en coñecemento da administración titular do servizo, nen obte-la preceptiva autorización en virtude das potestades derivadas do réxime concesional, prego e demais documentos contractuais supón un claro incumprimento das obrigas do concesionario.

Na súa virtude informase desfavorablemente o recurso de reposición interposto por Dn. Enrique Font Martínez, en nome e representado de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU.”

Sometido o asunto a votación e tendo en conta o Informe do Sr. Secretario anteriormente transcrito o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL) e 5 abstencións (3 do Grupo Municipal do P.P. e 2 do Grupo Municipal do BNG), acorda:

1º.- Admitir o recurso presentado por D. Enrique Font Martínez en nome e representación de VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU.

2º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Don. Enrique Font Martínez, en nome e representación de VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU”, por non disvirtuar o acordo do Concello Pleno do 28-11-2013.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.


De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno por unanimidade darse por enterado.

Punto núm. 5.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.

- a) **MOCION DO BNG:** Declaración do 24 de Febreiro día de Rosalía e realización de actividades que promovan ó coñecemento da súa obra e do seu compromiso vital.

Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:



MOCIÓN PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA E PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA SÚA OBRA E DO SEU COMPROMISO VITAL

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso comprometida coa súa terra, coas súas xentes e coa súa lingua.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, unha voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras e escritores máis destacadas/os da literatura universal de todos os tempos. Por outra parte, existen novas lecturas e novos descubrimentos quer a respecto do conxunto da súa obra quer sobre a propia figura da nosa autora e o seu papel socio-histórico que paga a peña coñecer e difundir. E houbo, asemade, nos últimos tempos, unha importante reactualización da súa obra que volveu ser actualizada a través de diferentes formatos e expresións culturais (música, teatro, literatura, danza...).

Por todos estes motivos, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

De maneira inexplicábel, a Consellaría de Cultura non recolle, para o ano 2014, o 24 de febreiro como Día de Rosalía no seu Calendario do Libro e da Lectura, como viña sendo habitual, un feito que queremos denunciar e que só se pode enmarcar no intento de ocultar a figura dunha Rosalía viva, radical, culta e comprometida que hoxe grandes sectores da poboación coñecen e admiran.




Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), proponemos ao Pleno Municipal deste concello os seguintes **ACORDOS**:

1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
2. Solicitar da Xunta de Galiza que recupere a incorporación do Día de Rosalía ao seu Calendario do Libro e da Lectura.
3. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen o conxunto dos vecinos e vecinas do noso concello o 24 de febreiro. Entre estas actividades, estarán as de pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, muráis...
4. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
5. Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura."

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación, en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
- 2.-Solicitar da Xunta de Galiza que recupere a incorporación do Día de Rosalía ao seu Calendario do Libro e da Lectura.
- 3.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen o conxunto dos vecinos e vecinas do noso concello o 24 de febreiro. Entre estas actividades, estarán as de pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, muráis...
- 4.- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
- 5.-Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura."



b) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: Anteproxecto de Lei Orgánica polo que o Goberno de España pretende revisar a Lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reproductiva e interrupción voluntaria do embarazo.

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que seguidamente se transcribe:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEÍ ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO


De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime XurMico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN ca seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Leí Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reproductiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reproductiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Leí, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o trabado en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de



expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademáis, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.


O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tina xustificando a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguirá reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademáis motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.



Por estas razóns, o Concello de Ares aproba o seguinte acordo:

O Concello de Ares insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo."

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.

Concedida a palabra o Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular Sr, - Sixto Galiano presenta a seguinte emenda transaccional:

"Instar ao goberno central a mellorar o anteproxecto de Lei Organica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada, procurando chegar ao máximo consenso posible coas distintas forzas políticas, tomando como referencia a Lei de 1985 e dentro dos límites establecidos polo Tribunal Constitucional".

Tras deliberación sometese a votación emenda transaccional e o Pleno do Concello por 4 votos a favor 3 do grupo Municipal do P.P e 1 de NAL e 8 votos en contra (6 PSdeG-PSOE e 2 BNG) acorda rechazar a emenda transaccional presentada polo grupo Municipal do P.P.


Seguidamente sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 9 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 NAL), e 3 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

O Concello de Ares insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo."

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.

Acto seguinte e previo a turno de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde preguntase os voceiros dos grupos políticos municipais se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de Urxencia, non presentadose ningunha Moción.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-



Aberto o Turno de Intervencións toma a palabra o Sr. Mesías Farias quen fai o seguinte rogo:

É en relación os animais que fan descargas, habería que facer unha campaña para limpar, ademáis se a estas deposicións sumamos o mal estado no que está a Rúa Concepción Arenal, é un desastre total e absoluto, sería bo facer unha campaña de sensibilización.

Con respecto á EDAR ¿cando se vai a poñer en funcionamento? Así como as obras da traída de auga de Cervás e Chanteiro.

A Resolución 2/14 a que Autos de conflicto colectivo se refire.

A Resolución 11/14, que se referiré a 609,61 euros, por un incendio en Besoxo, que se vaise recurrir en vía contencioso administrativa, ¿por que motivo?.

O Sr. Mesias Farias, solicita que se de resposta polo Sr. Alcalde o escrito de preguntas referentes o Mosteiro de Santa Catalina, presentado con data 15 de xaneiro de 2014.

E seguidamente o Sr. Fernandez Permuy formula as seguintes preguntas:

¿Cando se van a poñer en funcionamento a auga de Cervás, Chanteiro e Lubre?.

¿Cómo está a situación do muro do Campo de Fútbol do Numancia?.


Asemesmo reitera que na zona de Lubre , se derribou un poste do alumado, e levan máis de dous meses sen alumado público.

Por último fai constar a rotura de arquetas do saneamento no tramo de Ares a Pedrós, que estamos diante dun tema de salubridade.

A continuación o Voceiro do P.P. Señor Sixto Galiano, formula as seguintes preguntas e rogos:

¿Cómo está o proceso de implantación do Posto da Garda Civil en Ares?.

Por que razón non se celebrou este mes a Comisión de Persoal, posto que entende que hai asuntos importantes, como os contratos do persoal de Aquagest, así como a aprobación dun proceso selectivo de persoal municipal que se levou a cabo na Xunta de Goberno do 17 de outubro, e foi requerido pola Subdelegación do Goberno con data 17 de novembro.



Formula o rogo de que se amaíe o Camiño de Pedrós que está intransitable e o alcantarillado está roto.

Finalmente formula o rogo de que se leve a cabo un mantemento na madeira do Paseo Marítimo, xa que non se pode transitar polo mesmo, posto que esta moi resbaladizo.

Interven o Sr. Alcalde, para dar resposta:

Con referencia os cans, xa hai unha normativa e se sanciona os que non a cumpren, o problema esta que a Policia a temos de 9 da mañá a 10 da noite, despois de ese horario ninguen vixia.

A EDAR esta en probas, ha 23 bombeos e 17 xa teñen luz e o resto non, é un tema de FENOSA, pero FENOSA vai con calma.

Con respecto o auga de Chanteiro e Cervás, as obras xa están listas, e está en fase probas, esa auga cando se de a poboación hai que facelo nas condicións sanitarias optimas. No que se refire as reparacións que teñen que facer nos viais, terán que facelas antes de que nos entreguen as obras.

O tema da liquidación polo servico de bombeiros de Ferrol, cando hai un incendio nunha vivenda e veñen os bombeiros de Ferrol, nos xiran liquidación e o Concello a asume, pero neste caso non se trata dun incendio, creo que foi un tractor que volcou.


O Tema de Santa Catalina teño que velo, na próxima comisión o vemos ou no seguinte Pleno.

O Sr. Mesias Farias, di que ten que respostalo neste Pleno.

O Sr. Alcalde, resposta que lle dará contestación por escrito.

O muro do Numancia se está evaluando o coste, e sabemos que sae arredor de 50.000 euros, a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, nunca nos deu nada, despois dunha entrevista co Director Xeral prometeu a metade, sabemos que cando licitamos hai baixas e pode andar arredor de 40.000 euros a execución, se a Dirección Xeral nos da 20.000 euros, e teñamos a posibilidade acometeremos estas obras.

O Poste de Lubre xa está amañado.



O tema das arquetas é unha obra que a temos valorada en 13.000 euros e a vamos a acometer dentro deste ano.

Con referencia a Garda Civil, nós queremos que reciba un trato adecuado; ese é un problema que Ares non xenera, a nos cheganos a pregunta si Ares estaría disposto a ceder un local en condicións para a Garda Civil, e claro que estamos por que entendemos que deben de ter un trato adecuado, como cando foi o tema da Oficina de Correos que eu fun a Madrid para resolver que Ares tivera unha Oficina que non pechara as 11,00 da mañá.

Con referencia a Comisión de Persoal, polo Sra. Concelleira Sra. Barrón Ferro, se resposta que non se convocou porque non había asunto para elaborar a Orde do Día.

O Camiño de Pedrós xa o asfaltamos e o volveremos a facer, temos redactado xa o proxecto, pero hai que buscar o diñeiro para lévalo a cabo.

A madeira do Paseo Marítimo, e madeira que poñia Costas. É un tramo que está dentro da competencia de Costas, non obstante xa existen uns carteis coa inscrición "perigo resbala", e as persoas afectadas son as que responden a unha tipoloxía de persoas, (persoas maiores, afectadas pola visión etc.).

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e dez minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO,

